
ACTIVIDADE DE ANTROPOLOXÍA SOCIAL: MODELOS DE SUBSISTENCIA


Lectura: Os papalagui, fragmento no cal o xefe samoano Tiavii fai unha descrición do valor que o home occidental lle dá aos cartos, o que permite que vexamos a nosa cultura doutra forma. Fonte:<http://www.sisabianovenia.com/LoLeido/Ficcion/Papalagis.htm>

– Son os cartos realmente tan importantes? Pensa en formas de intercambio que permitan obter produtos sen ter que dar cartos a cambio. Son posibles na nosa sociedade?

– Pregúntalles aos teus avós e a outros anciáns como era a súa época respecto a isto. Que cousas se intercambiaban? Como o facían?

O metal redondo e o papel rudo

Escoitádeme coa mente aberta, os meus máis sensibles irmáns, e estade agradecidos de non coñecer os pecados e horrores do home branco. Todos vós sodes as miñas testemuñas de que o misioneiro dixo: «Deus é amor». Un bo cristián ten que manter sempre a imaxe do amor ante os seus ollos. Esta é a razón pola que o home só reza ao Gran Deus. Irmáns, mentiuos e estafounos; foi subornado polos Papalagui para conducirnos polo mesmo camiño coas palabras do Grande Espírito. Porque eles adoran o papel basto e o metal redondo, invocan o diñeiro como a un Deus.



Cando lle falas a un europeo sobre o Deus do Amor, sorrí e pon cara divertida. Sorrí pola túa estupidez. Pero axiña que lle mostres unha peza de metal redondo e brillante ou unha folla de papel basto, entón os seus ollos ilumínanse e a saliva empeza a babear polos seus beizos. Diñeiro é o seu único amor, o diñeiro é o seu Deus. Isto é no que todos os brancos pensan, mesmo cando dormen. Hai algúns cuxas mans se volveron retortas e tomaron a aparencia das patas dun térmite, como resultado do

continuo esforzo por obter o metal e o papel. A outros volvéronselles cegos os seus ollos de tanto contar o diñeiro. Existen aqueles que deron a súa alegría a cambio de diñeiro, o seu riso, a súa honra, a súa alma, a súa felicidade; si, mesmo a súa esposa e nenos. Case todos eles entregaron a súa saúde por diñeiro. Lévano consigo nos seus taparrabos, dobrado xunto, entre duras peles. Pola noite póñeno baixo o seu envolve-camas, de modo que ninguén poida levarllo. Pensan nel noite e día, cada hora, cada minuto. E todo o mundo, todo o mundo!, os nenos tamén!, lévano á casa. As súas nais ensínanllo e ven o dos seus propios pais. Cando camiñas polas fendas de Siamanisi, oes berrar por todas as partes: «mark!», e un momento despois outra vez «mark!». En todas as partes oes este berro, xa que é o nome local do metal redondo e do papel basto. En Fafali, chámasele franc; en Peletania, shilling, e en Italia, lira. Mark, franc, shilling, lira, todo é o mesmo. Todo significa diñeiro, diñeiro, diñeiro. Diñeiro é o único Deus verdadeiro dos Papalagui, polo menos se consideras que Deus é o que máis amas.

E así, na terra dos brancos é imposible estar sen diñeiro, nin sequera por un momento, entre o amencer e o ocaso, sen nada de diñeiro! Non poderías satisfacer a túa fame, a túa sede, serías incapaz de atopar unha esteira para a noite. Habíante encerrar na máis sombría pfui-pfui e difamarían o teu nome en moitos papeis, porque non tes diñeiro. Tes que pagar, que significa dar diñeiro, polo chan no que permaneces de pé, polo punto onde queres construír a túa cabana, pola esteira para a noite, pola luz que brilla no interior da túa cabana. Cando queres cazar o pardal ou ir a un sitio no que a xente se divirte, onde cantan e bailan, ou se lle queres pedir consello ao teu irmán, debes pagar por todo. En todas as partes o teu irmán permanece cunha man estendida e ha desprezarte e maldicirte se a deixas sen encher. Un sorriso de escusa ou unha mirada amigable non axudan a abrandar o seu corazón. En lugar diso abrirá a súa boca e berrará: «pillabán, gandulo, esmoleiro!», que significa todo o mesmo e está considerado como un grave insulto. Mesmo para nacer tes que pagar e, cando morres, o teu aiga debe pagar, posto que ti estás morto e debe pagar para obter permiso para depositar o teu corpo na terra e pola gran pedra que pon enriba da túa tumba como recordatorio.



Descubrín unha única cousa pola que non se pide diñeiro e da que todo o mundo pode tomar tanto como queira: o aire para respirar. Pero sospeito que iso escapou meramente á súa atención e non dubido en dicir que, se as miñas palabras puidesen ser oídas en Europa, inmediatamente pedirían metal e papel basto por iso tamén. Porque cada europeo sempre está á procura dunha razón para pedir continuamente máis diñeiro.

Estar en Europa sen diñeiro é como ser un home sen cabeza, sen membros, un cero. Debes ter diñeiro. Necesitas diñeiro como necesitas a comida, beber e durmir. Canto máis diñeiro tes máis fácil é a vida. Cando posúes diñeiro podes comprar tabaco, aneis e fermosos taparrabos. Podes comprar tanto tabaco, aneis e taparrabos como queiras, tanto como o teu diñeiro che permita. Se tes moito diñeiro, podes comprar moitas cousas. Por conseguinte, todo o mundo quere máis do que ten o outro. Por iso todos van tras o diñeiro e os ollos de todo o mundo o perseguen decote. Cando tiras unha peza de metal redondo na area, os nenos lánzanse detrás e loitan por ela, e o que a colle é o vencedor e está moi feliz. Con todo, non se tiran regularmente pezas de diñeiro na area. De onde vén o diñeiro? Como podes obter moito? Oh, de todas as formas, fácil e difícil. Cando lle cortas o cabelo ao teu irmán, cando quitas a sucidade de enfronte da súa casa, cando vas nunha canoa pola auga e cando tes un gran pensamento. Si, neste documento debe mencionarse que non só se pide o metal redondo e o papel basto para case todo; tamén podes obtelo facendo case nada. O único que tes que facer é realizar unha acción que en Europa é chamada «traballo». «Traballa e terás diñeiro», é a norma común europea. Existe, con todo, unha grande inxustiza que o Papalagui tende a ignorar, e que non considerará porque significaría recoñecer esta inxustiza. Non toda a xente que ten moito diñeiro traballa moito. (Naturalmente a todo o mundo lle

gustaría ter moito diñeiro sen ter que traballar por iso.) Así é como funciona: tan pronto como un branco teña suficiente diñeiro para a súa comida, a súa cabana e a súa esteira, e un pouco para aforrar, por ese pouco deixa que o seu irmán traballe con el. Empeza deixándolle facer o traballo que pon as súas mans bastas e sucias. Déixalle que limpe a sucidade que el fai. E se é unha muller, aluga unha rapariga para facer o traballo por ela. A moza debe limpar as esteiras sucias, os utensilios para a comida e as peles dos pés. Debe remendar os taparrabos riscados e non pode facer nada que non lle sexa agradable ou útil á señora. Deste xeito el ou ela gañan tempo para facer un traballo maior, máis importante ou máis agradable, polo que reciben máis diñeiro e non teñen que se lixar as mans ou fatigar os seus músculos. Se el é un construtor de botes, eles teñen que o axudar a construír botes. Do diñeiro que el gaña co traballo doutro home, diñeiro que con todo dereito debe pertencer a este home, garda a maior parte e, tan pronto como pode, aluga outro home para traballar por el e máis tarde un terceiro; máis e máis irmáns están a construír botes para el, algunhas veces mesmo máis de cen. Finalmente xa non fai máis nada que se deitar na súa esteira, beber kava europea e queimar esas canas fumarentas. El dá os barcos cando están listos e recibe o metal redondo e o papel basto, que os outros gañaron por el. A xente di que é rico. Todo o mundo o envexa, o loa, fálalle dun modo amigable. Porque na terra dos brancos un home non é respectado pola súa nobreza ou o seu valor, senón pola cantidade de diñeiro que ten, canto gaña nun día e canto pode recoller nas súas caixas fortes de ferro, que son tan pesadas que nin sequera un terremoto pode menealas. Hai moitos brancos que aforran todo o diñeiro que os outros gañan para eles; entón lévano a un sitio onde está moi ben gardado.




Sempre levan máis diñeiro alí, ata que nin sequera necesitan xa dos outros para facer o traballo por eles, porque o diñeiro fai o traballo por si só. Como una cousa así é posible, sen nada en absoluto de bruxería, nunca me resultou claro de todo, pero parece que o diñeiro chama polo diñeiro; como as follas medrando nunha árbore, así un home vai

facéndose cada vez máis rico, mesmo cando está durmido.

Nin sequera cando alguén ten moito diñeiro, moito máis do que a maioría de xente ten, tanto que centos de miles de traballadores poderían reducir con el a súa aflición, cede nada del. Cobre o metal redondo coas súas mans e senta sobre o papel basto; avaricia e avidez arden nos seus ollos. E cando lle preguntas que proxecta facer con todo ese diñeiro, decatándote de que non podes facer moito máis na terra que te vestir e saciar a túa fame e a túa sede, entón non sabe que dicir ou contesta: «Quero gañar máis diñeiro, sempre máis e máis». Entón axiña te decatás de que o diñeiro o volveu enfermo, que o seu sentido común fuxiu ante a enfermidade do diñeiro.


El está enfermo e posuído, porque a súa alma foi atrapada polo metal redondo e o papel basto, e xa nunca parará de acumular tanto como sexa posible. Nunca pode razoar: «quero deixar este mundo sen facer maldade ningunha e sen levar lastre ningún, porque así é como o Grande Espírito me enviou ao mundo, sen metal redondo ou papel basto». Deste feito só uns poucos se decatán. A maioría, permanecen enfermos para sempre, nunca volven estar sans de corazón outra vez e só se compracen no poder que as enormes cantidades de diñeiro lles proporcionan. Inchan con fachenda, como a froita tropical tras un balón. Con xúbilo deixan aos seus irmáns executar o labor pesado, mentres eles medran gordos e botan carnes. Fan iso sen entrar en conflito coa súa conciencia. Moi fachendosos, miran os seus dedos limpos, que nunca volverán lixarse outra vez. O coñecemento de que acotío rouban a forza dos outros para engadila á súa propia, non lles preocupa nin lles tira o sono pola noite. Non entra nas súas mentes compartir cos outros o diñeiro para aliviar a súa carga. Por iso hai dúas clases diferentes de xente en Europa: o primeiro tipo ten que traballar duro e o segundo traballa só un pouco, ou nada en absoluto. Un grupo nunca ten tempo para sentar ao sol, mentres que os outros non fan nada máis. O Papalagi di: «Non toda a xente pode ter tanto como teñen algúns». Neste refrán basea o dereito a ser cruel cando trafica con diñeiro. O seu corazón é como unha pedra e o seu sangue é frío. Si, el engana, mente, e é sempre



deshonesto e perigoso cando as súas mans van conseguir diñeiro. Ocorre a miúdo que un Papalagi mata a outro só por diñeiro. Ou mátao co veneno das súas palabras ou drógao para desposuílo despois de todo. Adoito é esta a razón pola que un non confía no outro; todos eles coñecen a súa debilidade. Tamén por iso é imposible saber se un home con moito diñeiro ten tamén bo corazón. É posible que sexa moi malo. Nunca podes saber como e onde amasou as súas riquezas. Pero por esta mesma razón, un home rico nunca sabe se as honras que se lle fan son polo seu metal redondo ou por el mesmo; normalmente é polo seu metal redondo. Por conseguinte, tampouco entendo por que as

persoas que non posúen metal redondo e papel basto se senten avergoñadas e envexan as outras; en lugar de deixar que as outras as envexen a elas. Porque non é nin honorable nin bo levar moitos cordeis con cunchas, tampouco é bo ser bendicido con tanto diñeiro. Deixa a xente sen alento e estorba os movementos naturais do corpo.

Pero nin un simple Papalagui ousa desprezar o diñeiro. Aqueles que non aman o diñeiro son ridiculizados, son ualea. Riqueza é ter moito diñeiro, é ser feliz, isto é o que o Papalagui di. E tamén di: o país máis rico é o máis feliz. Os meus irmáns de pel luminosa, todos nós somos pobres. A nosa terra é a máis pobre de todas as terras baixo o sol. Non temos suficiente metal redondo ou papel basto para encher nin sequera un cofre. De acordó coas normas dos Papalagui somos pobres esmoleiros. E aínda, cando miro os vosos ollos e os comparo con aqueles dos ricos, alí encontro os seus ollos cansos, esmorecidos e preguiceiros, mentres que os vosos brillan como a gran luz, emitindo raios de felicidade, forza, vida e saúde. Só vin ollos coma os vosos nos nenos dos Papalagui, antes de que poidan falar. Porque antes desa época non teñen aínda coñecemento do diñeiro. Que poderosa é a graza do Grande Espírito, que nos protexe dese aitu! O diñeiro é un aitu, porque todo volve malo e a todo o mundo volve malo. Mesmo se só tocas o diñeiro, caes baixo o seu feitizo e aquel que o ama debe servilo e consagrarlle toda a súa forza durante o resto da súa vida. Amemos as nosas formas nobres e despreceemos o home que pide unha recompensa a cambio da súa hospitalidade ou por cada froito que che dá. Respectemos as nosas normas, que non lle permiten a un ter moito máis ca a outro, ou a alguén ter moito e ao outro non ter nada en absoluto. Así non chegaremos a ser como os Papalagui e non estaremos felices e contentos cando o noso irmán, á beira, se sinta infeliz e triste. Pero, sobre todo, poñámonos a salvo do diñeiro. Os Papalagui tamén axitan o metal redondo e o papel basto diante dos nosos ollos, para espertar a nosa cobiza. Declaran que nos farán máis ricos e felices. Moitos de entre nós fomos case tocados e cegados por esta espantosa enfermidade. Pero vós credes as palabras



do voso humilde e sabedes que conto a verdade cando digo que o diñeiro non fai, nunca, máis ou menos feliz, senón que lanza o corazón á confusión infinita, que con diñeiro ninguén é nunca axudado en por si, que non vos fará máis contentos, máis fortes, máis felices; odiade o metal redondo e o papel basto, do mesmo xeito que odiades o voso peor inimigo.